Universidade Vigo
Xerencia
Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel: 986 8 13560
Fax: 986 8 12060
www.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

NOTA TÉCNICA SOBRE A INSTRUCIÓN XERENCIAL DO 6 DE OUTUBRO DE 2016 SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN MENOR NAQUELAS OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS NAS QUE TEÑA COMPETENCIA O DEPARTAMENTO TÉCNICO DE OBRAS, INSTALACIÓNS E INFRAESTRUTURAS

1.-Antecedentes

O 6 de outubro de 2016 a Xerencia da Universidade de Vigo emitiu instrución para o procedemento de contratación menor naquelas obras, Servizos e subministracións nas que teña competencia o Departamento Técnico de obras, instalacións e infraestruturas.

Nesta instrución establecíase no apartado 2.3- "Actuacións das áreas económicas nos diferentes ámbitos da Universidade de Vigo" que os administradores dos diferentes ámbitos a través dos Asuntos económicos invitarás as empresas a presentar ofertas de acordo na proposta de contratación menor.

A Universidade de Vigo aprobou unha nova RPT no exercicio 2017 creando unha nova area de Servizos Xerais dependente directamente da Xerencia.

2.-Nota técnica

Para axilizar os procedementos das solicitudes de ofertas para a contratación menos no ámbito dos servizos xerais, establécese que a nova Unidade de Servizos Xerais poderá invitar as empresas validadas pola Universidade ante a contratación menor proposta polo Departamento Técnico de obras, instalacións e infraestruturas.

A tramitación dos respectivos pedidos queda limitada no ámbito dos servizos xerais ao Servizo de Xestión Económica e Contratación.

En Vigo 29 de setembro de 2017

Manuel Fernández Jauregui
O Xerente

UNIVERSIDADE DE VIGO - XERENCIA

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída Nº. 201700015873
29/09/2017 11:42:59

A/A Xefe do Servizo de Xestión Económica e Contratación
A/A Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas
A/A Area de Servizos Xerais